



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CLAUSTRO DO 25 DE MARZO DE 2015

Ás 9.30 h, en segunda convocatoria, no Paraninfo da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Claustro que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Xustifican a súa ausencia Isabel Lema Blanco, Luz Puente Aba, Elena Varela Molina, Magdalena Ramos Siaba, María González Taboada.

1. Constitución do Claustro universitario

Tras a comprobación do quórum legal para a realización da sesión, o reitor abre esta, e declara constituído o Claustro Universitario, tras a remuda dos seus membros producida polas eleccións a órganos colexiados do pasado mes de decembro.

2. Lectura e aprobación, se proceder, da acta do Claustro do 3 de decembro do 2014

O reitor solicita a aprobación da acta do Claustro do 3 de decembro, que foi previamente circulada aos claustrais.

Apróbase por asentimento.

3. Constitución da Mesa de Idade

A continuación, o reitor agradece publicamente aos membros da Mesa do Claustro saínte o seu traballo a prol da institución, e procede a chamar os membros da Mesa de Idade:

- D. Manuel Casteleiro Maldonado (sector A)
- D.^a Susana Ladra González (sector A)
- D.^a Carmen Pardo Carballido (sector B)
- D. Ramón Santiago Paz Lamela (sector B)
- D. Gonzalo Faya Filgueira (sector C)
- María Silveira Santamaría (sector C)
- D. José Manuel Suárez Sánchez (sector D)
- D. Santiago de Lorenzo Martínez (sector D)



Constitúese a Mesa de Idade, e dáse paso ao seguinte punto.

4. Eleccións dos membros da Mesa do Claustro, de representantes do Claustro no Consello de Goberno, dos membros da Comisión Electoral Central e do valedor universitario

O reitor cédelle a palabra ao secretario xeral, que informa dos procesos electorais que se teñen que realizar, así como da ubicación das distintas mesas de votación, para renovar os órganos colexiados dependentes do Claustro. A mesa de idade repártese para atender as votacións nas distintas mesas (seis no Paraninfo, e dúas para a votación do Valedor Universitario, no vestíbulo de entrada á Reitoría).

Comeza a votación ás 10:00 e remata ás 11:15 horas sen incidencias.

Tras os distintos escrutinios, o secretario xeral anuncia os resultados ás 12:00.

a) Procedemento A (Mesa do Claustro)

Sector D (PAS): subliñada a candidata electa

- Domingo Abelleira Bouza: 2 votos.
- María Pilar Comesaña Pérez: 3 votos.
- Isabel Marín Vázquez: 15 votos.

Proclámanse electas as doce persoas seguintes para a Mesa do Claustro:

Profesorado doutor con vinculación permanente (sector A):

- D^a Marta Bobo Arce
- DA. Pilar Couto Cantero
- D. José Manuel Estévez Saa
- D. Salvador Naya Fernández
- D^a María del Carmen Pérez Pais
- D. José Carlos Santos Paz

Restantes categorías do persoal docente investigador (sector B):

- D.^a Carmen Pardo Carballido
- D.^a Mercedes Regueiro Diehl



Estudantes (sector C)

- D. Raul Espasandín Lacalle
- D. Emilio Francisco Lage Rodríguez
- D^a Nadia Vicente Gómez

PAS (sector D)

- D. Isabel Marín Vázquez

b) Procedemento B - Representantes do Claustro no Consello de Goberno:

Sector A: Profesores doutores con vinculación permanente (subliñados os 10 electos)

- Abalde Alonso, Julio Ernesto: 78 votos.
- Alonso Seoane, M^a Jesús: 14 votos.
- Álvarez Lata, Natalia: 78 votos.
- Busto Lago, José Manuel: 71 votos.
- Calvo Silvosa, Anxo: 78 votos.
- Castedo Ribas, Luis: 42 votos.
- Colominas Ezponda, Ignacio: 16 votos.
- De Blas Varela, Andrés: 24 votos.
- Díaz Casas, Vicente: 11 votos.
- Díaz Varela, José: 3 votos.
- Ladra González, Susana: 87 votos.
- López Fernández, Teresa: 69 votos.
- Martínez Lage, Isabel: 28 votos.
- Meijide Failde, Rosa: 27 votos.
- Miguel Pose, Fernanda: 35 votos.
- Muñoz Cantero, Jesús miguel: 36 votos.
- Sánchez Santos, José manuel: 29 votos.
- Torres Miño, Araceli: 77 votos.
- Veiga Fernández, Luis Angel: 5 votos.

Sector B: Restantes categorías de PDI (subliñadas as candidaturas electas)

- D.^a M.^a Dolores Candendo Gunturiz: 12 votos



- D. Pedro Gil Manso: 2 votos
- D^a Laura Milagros Castro Souto: 8 votos

Sector C: Estudiantes (candidaturas electas)

- D Alexandre Correa Haz
- D. Jorge Dacosta Tapia
- D. David Espiñeira Figueroa
- D^a María Inmaculada García-Fuentes Corredoira
- D. Nicolás García Piñeiro
- D. Guillermo Lorenzo Gómez

Sector D: PAS (subliñadas as candidaturas electas)

- D. Xosé Manuel Portela Fernández: 6 votos
- D^a. María Eugenia Vieito Blanco: 5 votos
- D^a. Nuria Vieira Sousa: 4 votos
- D^a Pilar Comesaña Pérez: 3 votos
- D.^a Manuela Pinazas Rego: 2 votos

c) Procedemento C: Comisión Electoral Central:

Sector A: Profesores doutores con vinculación permanente:

- D. Santiago Roura Gómez: 14 votos
- D. Andrés de Blas Varela: 36 votos
- D. Fernando Peña López: 79 votos

Sector B: Restantes categorías de PDI

- D^a Inés Viana Moldes

Sector C: Estudiantes

- D^a. Alba Sánchez Castanedo

Sector D: PAS

- D^a. M.^a Paz Arenas Balsa: 18 votos.
- D. Domingo Abelleira Bouza: 2 votos.



As candidaturas definitivas, o escrutinio, así como a proclamación definitiva de candidaturas electas dos procedementos A (Mesa do Claustro), B (Representantes do Claustro no Consello de Goberno e C (Comisión Electoral Central) figuran como **anexos III, IV e V** respectivamente, da presente acta.

Procedemento D – Valedor Universitario

Candidatura única: D. Enrique Martínez Ansemil:

Votos emitidos: 189

- Votos a favor: 156
- Votos en branco: 32
- Votos nulos: 1

Ao ter acadado máis da maioría absoluta do Claustro Universitario, queda proclamado Valedor Universitario D. Enrique Martínez Ansemil.

A documentación relativa á candidatura de D. Enrique Martínez Ansemil, figura como **anexo VI** da presente acta.

Unha vez rematadas as votacións e a lectura de resultados, o reitor expresa o seu agradecemento a todos os claustrais e á mesa de idade, e invita ao claustro a gardar un minuto de silencio en memoria das vítimas do accidente aéreo de onte.

5. Memoria de xestión do ano 2014

Cando vai comezar a defensa da memoria de xestión do ano 2014, os representantes do PAS abandonan a sala.

O reitor retoma a súa exposición, dando conta sinteticamente dos principais aspectos que, ao seu xuízo, cabe destacar da súa xestión do ano 2014. A súa intervención é a seguinte:

“De seguido paso a expoñerlles, dun xeito sintético, algunhas reflexións e valoracións que coido de interese para acompañar a presentación da Memoria de Xestión correspondente ao exercicio de 2014.

Esta Memoria, elaborada coa documentación achegada por todas as vicerreitorías e todos os servizos da Universidade, púxose ao dispor dos membros do Claustro hai unha semana a través da intranet.



Nas súas duascenas páxinas inclúense abundante información estatística sobre as actividades da Universidade no ámbito da docencia, da investigación, da innovación e da xestión.

Como se vén facendo nestes últimos anos, xunto coa información que corresponde, en sentido estrito, á xestión –que é a obrigada polo mandato estatutario– incorporamos series con datos e indicadores necesarios para obter **unha radiografía o máis axustada posible** do estado da institución a 31 de decembro de 2014.

O feito de que o recorte orzamentario ocupe un lugar indesexablemente central na xestión do día a día, non debe impedir que, na hora de facer balance, salientemos **a normalidade académica coa que discorreu o ano** obxecto desta memoria.

En 2014 matriculáronse máis de **3.300** novos estudantes nos **38** graos ofertados. A diminución do alumnado total de grao e titulacións non adaptadas ao EEES reflíctese nunha suma total de algo menos de **17.000** alumnos e alumnas, o que supón **1.200** persoas menos.

Tanto nos mestrados oficiais, como na tutela académica mantéñense as cifras estables respecto do ano anterior. Se engadimos outros alumnados (posgraos propios, sénior) temos a cifra total de **21.500 persoas** que se están a formar nos campus da Universidade da Coruña.

Na actualidade a nosa universidade reserva arredor **dun millón e medio de euros** do seu orzamento para as distintas modalidades de bolsas e axudas existentes. Esta cifra supón un **1,3%** do noso orzamento total, un dato que expresa por si só a sensibilidade da nosa institución nun aspecto crucial para a igualdade de oportunidades.

Teño que subliñar que nos orzamentos de 2014 seguimos o criterio de reformular os fondos destinados a bolsas e axudas propias, co obxectivo de facerlles fronte ás circunstancias especiais do alumnado derivadas dos efectos sociais da crise e das novas (e inxustas) restricións do Ministerio de Educación para acceder ás súas bolsas.

Así, outorgándolle un tratamento preferente ás bolsas e axudas podemos crear un fondo específico da UDC para minorar os efectos da redución de axudas públicas para o acceso á Universidade en igualdade de condicións.



Docencia. Quero salientar que no esforzo permanente por lles ofrecer a todas elas unha docencia de calidade está implicada activamente a inmensa maioría do profesorado. Quero expresalo, subliñalo e agradecerlo, porque esa é a nosa primeira responsabilidade como membros da Universidade.

Ao se desenvolveren os **sistemas internos de calidade** nos centros (que están a ser certificados pola ACSUG) todos os graos e mestrados puideron elaborar os seus informes anuais. Estes informes potencian a política de calidade que, máis alá do cumprimento da legalidade, constitúen un obxectivo prioritario da nosa xestión.

No curso 2013-2014 implantouse o **primeiro curso do Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica** (o único pendente de se implantar) e o último curso dos **12 graos** que comezaran no ano académico 2010-2011. O longo e complexo proceso de transformación está, xa que logo, a piques de rematar con éxito. Haberá que dar a lóxica marxe de tempo (se nos deixan, que esa é outra) para valorarmos con rigor e perspectiva o resultado dun cambio que leva consumidas moitas enerxías da comunidade universitaria nos últimos anos.

Estamos a promover as **dobres titulacións** (hai catro programas de simultaneidade neste momento) e os mestrados e programas de doutoramento interuniversitarios. **Dezasete** dos mestrados ofertados este ano teñen ese carácter interuniversitario (**40%**), do mesmo xeito que **dous de cada tres programas de doutoramento.**

Internacionalización. De xeito paralelo, e en liña co Plan estratéxico aprobado por este Claustro, ao longo de 2014 demos pasos moi importantes e significativos nos obxectivos de internacionalización marcados.

Así, implantáronse **dous graos internacionais** en ADE e Informática, compartidos con universidades do Reino Unido e de Australia. Son os nosos primeiros graos internacionais. Os pioneiros, que nos servirán como referencia para os que se introduzan no futuro.

Así mesmo, incorporamos un **quinto mestrado internacional** como dobre titulación coa Universidade de Palermo. A continuidade destes mestrados, nos que puxemos moito esforzo e ilusión, está condicionada a que poidamos resolver as discrepancias coa Xunta á hora de computar o seu alumnado.



Canto á **docencia en inglés**, os resultados son moi positivos. Consolidáronse os programas en varios graos e comezaron noutros tres (concretamente en Arquitectura, Arquitectura Técnica e Dereito). Para o profesorado púxose en marcha un programa específico de apoio, co que se complementan os seminarios “*Teaching in English*” do CUFIE.

Outra iniciativa de éxito no ano de referencia foi a primeira convocatoria da **International Summer School**, con profesorado estranxeiro e cunha elevada participación de estudantado estranxeiro. A oferta de **quince cursos** de tres semanas foi un éxito que esperamos repetir na edición deste ano e nas vindeiras.

Permítanme engadir que estas actuacións están levando a un incremento do estudantado estranxeiro na Universidade da Coruña. Por contra, segue a tendencia á baixa dos estudantes da UDC que saen ao estranxeiro. Unha dinámica, por certo, común a todas as universidades españolas.

Investigación. No capítulo de investigación e transferencia, mantense o crecemento sostido na produción científica nos últimos cinco anos, cunha taxa de aumento anual de preto do **18%**.

Tamén obtivemos **melloras significativas na captación de recursos competitivos**. En particular, no que atinxe aos proxectos estatais, que volveron ás súas cifras habituais, logo dun nefasto ano 2013 en que non houbo nin convocatoria nin resolución de proxectos.

Conseguíronse **11 proxectos europeos**, o número máis alto da serie histórica da UDC. Hai unha clara correspondencia entre o esforzo que fixemos para que os investigadores da nosa Universidade participasen no programa Horizon 2020 e o elevado número de solicitudes presentadas: **62** en total, moitas delas aínda sen resolver. Cómpre lembrar que nunca antes pasamos de **40** solicitudes.

Este balance positivo na obtención de recursos en convocatoria competitivas non se deu, en cambio, no ámbito da transferencia de investigación e a tecnoloxía. Nos cadros incluídos na Memoria reflíctese o forte impacto da **ausencia de novas convocatorias e resolucións** de Feder Interconecta, Conecta Peme ou a Axencia Galega de Innovación.

E un último apuntamento en materia de transferencia. A Universidade participa xa no capital social de **sete spin-off** vinculadas ao Viveiro de Empresas de Base Tecnolóxica. Ao longo do exercicio comezaron estudos para constituír **outras seis máis**, participadas tamén pola Universidade.



Seguiremos potenciándoas, igual que, en xeral, as iniciativas de vinculación co sector produtivo que tamén se tomaron en 2014.

Economía. Falemos agora de economía e da política de persoal. Ou sería máis preciso dicir que falamos do **impacto tan negativo** que están tendo nos campus as medidas económicas e laborais adoptadas polo Estado e pola Xunta nos tres últimos anos.

Desde que estalou a crise e os orzamentos das universidades comezaron a caer abruptamente, **a Universidade da Coruña xa perdeu case 23 millóns** de euros nos seus orzamentos. Neste último ano a caída nominal foi de preto de **5 millóns**.

Os datos –detallados no correspondente capítulo da Memoria– son tan abraiantes que posiblemente non requiran moito comentario.

Ao longo de todo o ano viñemos denunciado, por activa e por pasiva, en público e en privado, o grave dano que se lles está a facer ás universidades cando máis se require o seu concurso, tanto para avanzar na economía do coñecemento como para atender o dereito universal á educación coa igualdade de oportunidades garantida.

En 2014 seguimos, pois, perdendo recursos e **cunha permanente sensación de asfixia económica** que cada día fai perigar máis o compromiso de calidade propio da Universidade.

Mantéñense as reducións salariais do persoal e os severos recortes en bens e servizos. Porén, en 2014 conseguimos rematar a **ampliación do CITIC**, abrir a **Área Científica** que lle dá servizo á Facultade de Informática e á Escola de Camiños. E conseguimos tamén que, por fin, se executase o convenio co Concello da Coruña para renovar o pavimento do campus de Elviña.

Canto á **ampliación do CITEEC**, as obras reanudaranse de inmediato, tan pronto nos chegue o permiso pendente da Axencia Estatal de Servidumes Aeronáuticas.

Profesorado. Lamentablemente, a valoración que fixen hai un ano ao presentar a memoria de 2013 podería repetila hoxe case punto por punto. Porque o acceso e a promoción do persoal docente e investigador seguiron paralizados, ao manter o Goberno a taxa de reposición do cadro de persoal no **10%**. Xa que logo, a oferta de emprego público da Universidade da Coruña para 2014 consistiu en **dúas prazas** de profesorado contratado



doutor. De tal xeito, resultou legalmente imposible formular unha mínima política de promoción e contratación de profesorado.

Os límites son tan estritos que botamos o ano dando cabezadas contra a administración autonómica que, por se fosen poucas as restricións, tamén optou por limitar a contratación temporal de profesorado só aos casos de “necesidades docentes urxentes e inaprazables”.

A única vía posible para paliar a situación foron os concursos autorizados pola Xunta para a provisión temporal de postos de PDI, mediante a figura de asociados e de contratados interinos de substitución con dedicación parcial.

Ao longo do ano incrementamos o número de profesores doutores (**20 máis**), pero topámonos de novo coa barreira dunha interpretación restritiva da legalidade cando tentamos ofrecerlles unha saída, mediante a figura do profesor contratado doutor interino, aos “pondales” e aos axudantes doutores que rematan contrato.

25 anos. Non quixera rematar esta primeira intervención miña sen lembrar que desde setembro, no comezo do curso, estamos a conmemorar os primeiros 25 anos de vida da nosa Universidade.

As efemérides serven para repasarmos o traballo desenvolto. Para visualizarmos o esforzo colectivo de construción e consolidación da Universidade da Coruña. Para poñermos en valor non só as funcións docentes e científicas que desenvolvemos, senón o valor social que ten contar na Coruña e Ferrol cunha universidade pública.

Tamén para recapitular e reflexionar sobre o presente da Universidade e para actualizar o noso compromiso co progreso da sociedade. A sociedade que nos sostén cos seus recursos e que nos esixe un servizo público de calidade accesible en condicións de igualdade para calquera persoa que queira cursar estudos superiores.

Unha universidade, en fin, comprometida, moderna e aberta ao mundo, na que, ano tras ano, curso tras curso, empeñamos o traballo e o esforzo do profesorado, do persoal e dos miles de estudantes que integran a nosa comunidade universitaria.

Máis nada. Moitas grazas”.

A continuación da exposición do reitor, ábrese unha quenda de intervencións.

Os representantes do PAS volven a entrar no Paraninfo.

Anxo Calvo fai un comentario sobre o capítulo de economía, sinalando que no cadro 201, da páxina 187, hai unha información que considera moi interesante, porque pon de manifesto o infrafinanciamento da nosa universidade cos sucesivos planos de financiamento. A insuficiencia orzamentaria que pon de manifesto ese cadro de liquidación do orzamento, onde se vai reducindo paulatinamente o remanente non afectado, debe movernos á reflexión sobre a situación que deixa o plano de financiamento 2011-2015 e as expectativas do novo plan 2016-2020. É un SOS, unha luz vermella de alarma. Por iso, considera que esa situación de alarma debe levarnos a enfocar a negociación do novo marco 2016-2020, asentándoa sobre bases novas. Pregunta pola posición da equipa de goberno sobre esa negociación.

Luis Castedo comeza a súa intervención recoñecendo que os datos da memoria reflicten axeitadamente o esforzo colectivo do conxunto da institución, dos distintos sectores que a compoñen, a quen agradece tal esforzo. Sinala que o actual número de claustrais é sensiblemente menor, o que pon de manifesto a baixada da participación. Só hai 275 claustrais, di. Preocúpalle esta circunstancia. Considera que un dos factores desa baixa participación é o baleiramento de competencias do claustro, probablemente debido á lexislación estatal. Opina que esta memoria debe presentarse ao Consello Social ou á Xunta, pero non ten moito sentido que estes números se presenten apenas ao Claustro. Hai que render contas para conseguir un exercicio correcto da autonomía universitaria. O profesor Castedo comenta tamén o concepto de igualdade de oportunidades. Estase cercenando esa igualdade? A súa visión é que o verdadeiro reto da igualdade de oportunidades é lograr a competencia entre universidades públicas, non da pública coa privada. Preocúpalle que haxa dúas divisións de universidades públicas. Finalmente, considera que a Universidade non está tan mal. Os recursos das universidades en todo o mundo son impresionantes. O que sí está en perigo é o modelo español de Universidade pública, que non se adapta ás necesidades da sociedade actual.

Alejandro Pazos comeza a súa intervención afirmando que non sabe por onde comezar. Non se presenta o que habería que presentar. O que procedería é presentar a UDC na súa realidade actual. Mais só presentan números torturados, dulcificados, que non reflicten que estamos nunha universidade completamente trasnoitada, desnortada, en declive, perdida



nos ránkings. O PDI está ao nivel do 2008. Non se fai o que cómpre nos foros precisos para que a situación cambie. Hai “tics” de falta de liberdade de expresión. Agradécelle ao reitor a brevidade, porque pon de manifesto o pouco que conta co claustro.

Xurxo Dopico agradece a detallada presentación feita polo reitor. Entre o ano 13 e 14 hai catro millóns menos de ingresos. A pesar diso, o cadro de persoal se mantivo estable, cun cativo descenso de 7 persoas no PDI e un aumento de 10 persoas do PAS. Agradece o esforzo na xestión do persoal. Considera que é de agradecer tamén o esforzo de toda a comunidade universitaria na captación de recursos externos nun entorno tan difícil.

Moisés Canle di, en alusión á intervención do profesor Pazos, que por onde hai que comezar é por informarse sobre do que se fala. A cuestión da docencia e os títulos: temos un problema grave cando os dirixentes políticos ignoran as propias normas sobre internacionalización que promoven. Hai unha clara política de crear dúas ligas universitarias, a das “boas”, que investigan, e a das “malas”, que dan aulas. Considera que os nosos resultados en investigación son case un milagre, á vista do noso financiamento, da nosa propia tradición, e do desprezo que os gobernos amosan terlle á investigación básica. Pregunta sobre a enorme caída das convocatorias de proxectos competitivos da Xunta de Galicia. Pregunta tamén sobre o gasto en bibliotecas.

Rodríguez Bugarín, tras agradecer a concisión da exposición do reitor, coincide coas apreciacións feitas polo profesor Castedo sobre o carácter obxectivo dos datos, que en consecuencia non serían susceptibles de aprobación. Non ten sentido aprobar un anuario estatístico, senón a xestión feita pola equipa de goberno. Bota en falta tamén unha análise comparativa con outras universidades, en particular galegas, destacando a nosa tendencia evolutiva nos distintos “rankings”. Esa comparación sería a que nos permitiría facer unha máis correcta valoración das magnitudes que a memoria ofrece.

Ramón Artiaga, coordinador do mestrado en materiais complexos conxunto coa Paris Diderot, agradece o apoio da vicerreitora de relacións internacionais na súa posta en marcha. Existen moitas dificultades administrativas que atrancan a matrícula dos potenciais estudantes, sen esquecer a diverxencia de importes de matrícula entre mestrados españois e franceses.

Carlos Platas leu con particular interese a parte de investigación e transferencia da Memoria. Nun contexto moi hostil encanto ao



financiamento, cabe destacar os resultados positivos obtidos pola Universidade. Sinala tamén, no gráfico da páxina 116, a caída da facturación do SAI entre 2013 e 2014, cuxa causa pregunta.

Sonia Rodríguez considera que temos un verdadeiro problema de financiamento público, mais non se fai nada para resolvelo. O Claustro está medio baleiro. Os estudantes están a protestar, mais pensa que non hai suficiente apoio por parte do profesorado. Fai un chamado para que entendamos todos que estamos no mesmo barco.

Manuela Pinazas súmase á exposición da estudante. Os representantes do PAS anuncian que non van participar na votación da memoria en protesta polos que consideran excesivos servizos mínimos da folga do día de onte, que terían impedido a moitos traballadores do PAS o exercicio do seu dereito a folga.

Ana Iglesias agradece a presentación da Memoria, que é unha maneira de ser transparente e render contas da xestión realizada. Botou algo en falta: unha contextualización que explicara a descapitalización á que está sendo sometida a Universidade; por que non se poden facer máis cousas, e por culpa de quen. Solicita que se faga ese esforzo de contextualización. Pon de manifesto os datos de igualdade de xénero, que fan visible unha problemática, o teito de cristal por razón de xénero, que son obxecto de preocupación pola equipa de goberno.

Nicolás García Piñeiro sómase á intervención da compañeira Sonia Rodríguez. Solidarízase coa non-votación da memoria por parte do PAS.

En materia de investigación, Salvador Naya, a respecto da comparativa con outras Universidades galegas, considera que os medres non son lineares, son exponenciais, sobre todo se nos comparamos con universidades novas nos ámbitos da investigación, a publicación e a transferencia. Non son malos resultados nese sentido, ao contrario.

A quenda de réplica do reitor comeza cos temas orzamentarios. Considera o reitor que o orzamento da Universidade é insuficiente. Estamos infrafinanciados. Se se compara, en termos orzamento-resultado, ou en porcentaxe de PIB, acredítase o infrafinanciamento da UDC, e do resto do SUG. En porcentaxe de PIB, estamos moi lonxe mesmo da media española. A Xunta debe incrementar a súa porcentaxe de gasto no SUG, no vindeiro PFSUG 2016-2020. Ese é o verdadeiro problema, o aumento do gasto en educación superior, para que as negociacións non acaben sendo un reparto competitivo da actual miseria. Para o reitor, o modelo do SUG debe



ser cooperativo e solidario, non competitivo. A equipa de goberno defende o servizo público gratuíto de universidade. Foi fundamental para a conxelación das taxas, o manifesto aprobado en 2012 por unanimidade do Claustro. A equipa de goberno ten claras as dúas prioridades: manter o capital humano que traballa na Universidade, e a igualdade de oportunidades que expresan os estudantes coa súa matrícula na nosa Universidade. O asunto dos rankings, que respecta, pero non comparte, hai que enfocalo doutro xeito: ten que servirnos para buscar a nosa mellora paulatina através da execución do Plan Estratéxico da UDC en vigor, pero sen perder a lóxica cooperativa con outras universidades. Sinala que onte mesmo, na reunión da comisión que discute o novo plan de financiamento, deuse un principio de acordo para estudar e utilizar como gasto estrutural o custo estándar da docencia. Porén, temos que ser conscientes de que os ataques á universidade pública son constantes. Sobre as competencias do Claustro, a actual equipa de goberno esforzouse por encher de competencias este órgano, mediante a reforma pos-LOU dos nosos Estatutos, salientando o exercicio da corresponsabilidade no goberno da universidade. O equipo de goberno comparte plenamente os motivos da folga de onte, mais non comparte a opinión do PAS, porque os servizos mínimos están postos para que se exerza libremente o dereito de folga, en sentido positivo ou negativo. Finalmente, o reitor destaca que a universidade está no límite. Ou hai mudanzas no financiamento ou nas políticas de Estado sobre as universidades, ou teremos problemas serios.

A continuación, o profesor Luis Castedo replícalle ao decano de Ciencias por alusións. O financiamento a grupos –e non a proxectos–, da Xunta de Galicia, está estabilizada. Sinala tamén a disparidade de ratios profesor-alumno entre centros (entre ciencias e informática, por exemplo). Sobre o máis por menos, cita o exemplo das lámpadas LED: é posible obter un aforro se se cambia de tecnoloxía. O modelo de financiamento ten que avanzar de mans dadas co cambio de modelo de xestión cara unha máis alta eficiencia, pois do contrario non racharemos os círculos viciosos que nos afectan.

Tras o anterior debate, o reitor somete a Memoria á consideración do Claustro, mediante votación á man alzada. O resultado é o seguinte:

Si: 104 votos

Non: 10 votos

Abstencións: 13 votos

Queda aprobada a Memoria de Xestión do Reitor do ano 2014 que acompaña a presente acta como **anexo VII**.



6. Quenda aberta de intervencións

O reitor abre a quenda de intervencións cedéndolle a palabra a Sonia Rodríguez Beltran.

A estudante lamenta que abandonen tantos claustrais o Claustro neste momento da quenda aberta, algo que considera unha falta de respecto. En segundo lugar, interésase por saber que vai pasar coa residencia universitaria.

Inmaculada García, no nome dos Comités, parabeniza ao claustro pola súa constitución. Non lle parece de recibo que se estableceran servizos mínimos no ámbito do PAS no día de onte. Por esa razón se ausentaron no punto 5.

David Neira, dos Comités, pregunta tamén sobre o asunto da residencia pública na Coruña. Solicita que se faga efectivo o dereito dos estudantes a faceren o seu exame en galego.

Nicolás García, no nome de Acción Universitaria, solicita que se emita un comunicado público en contra do Real Decreto do 3+2, sen ambigüidades.

Ana Barxa sómase á petición do comunicado conxunto contra o 3+2. Parabeniza ao reitor pola súa intervención en defensa da universidade pública. Solicita que se lle imponha á equipa de goberno coherencia no uso e defensa do galego. Sobre as bolsas para estudantes con escasos recursos, solicita saber como está a tramitación para este ano.

María José Tovar lembra que desde hai un ano en Ferrol non hai comedor universitario, polo que solicita que se restableza canto antes.

Alejandro Pazos prega que cada un sexa consciente de a quen representa. Os representantes de estudantes deberían recabar máis participación dos seus representados. Critica que o reitor non lle dera a palabra á persoa que solicitou intervir ao final do punto anterior. Critica tamén que non se escoite á oposición, que non se negocie con ela cousas como o valedor universitario, facendo o segundo “trágala”. Por último, respecto da intervención do profesor Naya, di que grazas a ela agora xa sabe quen lle tortura os números ao reitor.

Javier Cudeiro intervén para poñer de manifesto a escaseza de espazos no Campus de Oza, en especial para os investigadores do Instituto mixto de



Ciencias da Saúde e o CHUAC e o INIBIC. Prega que se fagan xestións para que melloren as condicións de traballo neste sector punteiro.

Andrés de Blas di que, a pesar das discrepancias, coincide co reitor na defensa da universidade pública. Coincide tamén na defensa dos que teñen a posición máis feble no mundo académico, os estudantes. Para iso se aprobou o Estatuto do Estudante, mais considera que non se está a aplicar axeitadamente. Chegou ás súas mans algunha guía docente que non se axusta á normativa, por exemplo, non se contempla a segunda oportunidade para aprobar a materia. Solicita que se controle e revise o cumprimento da normativa polas guías docentes.

O reitor contesta, sobre a residencia universitaria, que se buscaron outras alternativas na Coruña ao modo que se fixo en Ferrol, por acordo institucional de cesión dalgún edificio público disponible. Esa debería ser a maneira de funcionar tamén na Coruña. Por iso nos diriximos ao concello da Coruña para negociar a cesión dalgún edificio. Ofrecéronsenos algunhas alternativas, e a máis idónea era o internado do Calvo Sotelo, e pedíusenos discreción. Os medios de comunicación sacaron o asunto á luz. Logo diso, seguíuse negociando coa Deputación para facer a cesión do edificio, e mesmo para reformar a instalación. Porén, no último mes do ano, perdemos a interlocución coas institucións municipais. Non devolveron as chamadas reiteradas do reitor solicitando retomar o asunto. Pedíuse petición por escrito e aínda non houbo contestación. Hai, pois, moitas probabilidades de que non podamos ter esa cesión.

Sobre os servizos mínimos de onte, insiste en que se puxeron os servizos que, na nosa opinión, garanten o dereito que teñen de traballar e asistir aos centros aquelas persoas que lexitimamente non queiran facer folga. Por iso se puxo un conserxe por centro e quenda: para garantir a apertura dos centros. Entende que isto é o responsable do punto de vista institucional.

O problema sobre o uso do galego na docencia non debería existir, polo que se solicita que calquera problema nese sentido se faga chegar á secretaría xeral.

Sobre o comunicado contra o Real Decreto 3+2, o reitor remítese á moratoria activa que aprobou a CRUE. Non é partidario de facer cambios na estrutura dos graos. No entanto, está aberto que se negocie un comunicado conxunto no seo do claustro. Haberá que presentar un borrador e buscar os consensos para que se aprobe por unanimidade, como se fixo no ano 2012.



Sobre o programa de axudas de 100.000 para paliar os efectos da política do Ministerio sobre a elevación da nota de corte para ter dereito a bolsa: nós tivemos unha postura proactiva, e finalmente a Xunta convocou unhas axudas dotadas cun total de 1.000.000 € que non se gastaron nin na súa metade, polo que a Xunta solicitou que se concentraran os esforzos das tres universidades en gastar ese crédito. Nós o que fixemos foi incluír un suposto adicional na nosa convocatoria de axudas a estudantes que atravesan situacións de carestía económica sobrevida.

Sobre o comedor de Ferrol, estase a buscar un sistema de colaboración co centro público de hostalería de Pontedeume para que sexan estudantes deste centro os que asuman a xestión da concesión. Deste xeito, pretendemos ir alén da externalización a empresas privadas, que non teñen dado bo resultado no campus de Esteiro.

Sobre os espazos para a investigación médica, o reitor explica os esforzos que se están a facer para potenciar as liñas de investigación neste ámbito.

Sen máis asuntos que tratar, o Presidente remata a sesión, sendo as 14.30 h. De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e praxe do presidente.

O secretario xeral

Visto e praxe
O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito